



ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto regulado nesta Ordenanza rexerese polos art. 79 a 92 da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, segundo as modificacións da Lei 51/2002, e as disposicións que as desenvolvan.

Artigo 2.- FEITO IMPONIBLE (Art. 79 LRFL)

1. O imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal, directo e de carácter real, cuxo feito imponible é o mero exercicio, no territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.
2. Se consideran, ós efectos deste imposto, actividades empresariais as de gandería independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS (Art. 84 LRFL)

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

Artigo 4.- RESPONSABLES (Art. 37 e ss LXT)

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo todas as persoas que sexan causantes o colaboren na realización dunha infracción tributaria.
2. Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas Entidades.
3. No caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigacións tributarias pendentes transmitiranse ós socios ou partícipes no capital, que responderán de elas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles adxudicara.
4. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias de aquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
 - a) Cando se cometera unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
 - b) Cando se cometera unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.



- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes a data de cese.

5. En todo caso, a responsabilidade esixirase nos termos e con arreglo ó procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.6. As débedas por este imposto serán esixibles ás persoas físicas e xurídicas que sucedan ó debedor no exercicio das explotacións e actividades económicas.

6. O interesado que pretenda adquiri-la titularidade da actividade económica, previa conformidade do titular actual, poderá solicitar do Concello certificación das débedas por este imposto. No caso de que a certificación se expida con contido negativo, o solicitante quedará exento de responsabilidade por débedas do imposto existentes na data de adquisición da explotación.

Artigo 5. COTA TRIBUTARIA (art. 85 LRFL e 24 da Lei 51/2002)

A cota tributaria será a resultante de aplica-las tarifas do imposto, de acordo cos preceptos contidos nas Leis citadas e nas disposicións que a complementan e desenvolven, e os coeficientes establecidos nos artigos 6 e 7 desta Ordenanza, asemade as bonificacións establecidas no artigo 9 da mesma.

Artigo 6. COEFICIENTE DE PONDERACION (art. 87 LRFL e 26 Lei 51/2002)

De acordo co que prevé o artigo 87 da Lei 39/1988, sobre as cotas municipais fixadas nas Tarifas do Imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Dito coeficiente determinarase de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,00 ata 10.000.000, 00	1,30
Dende 10.000.000,00 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,00 ata 100.000.000,00	1,33
Mais de 100.000.000, 00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Ós efectos de aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto na letra C) do apartado 1 do artigo 7 desta Ordenanza.

O coeficiente correspondente á fila "sen cifra neta de negocio", aplicarase:

- Para a determinación da cota ponderada correspondente a actividades realizadas por suxeitos pasivos non residentes sen establecemento permanente.
- En aqueles casos no que o Concello careza do dato, por causas imputables ó suxeito pasivo; cando este facilite dita información, practicarase a regulación correspondente.



Artigo 7.- EXENCIONES (Art. 83 LRFL, modificado por art. 23 Lei 51/2002)

1. Están exentos do imposto

- A. Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, asemade os organismos autónomos do Estado e as Entidades de Dereito público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.
- B. Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto no que se desenrole a mesma. Non se considerará que se produciu o inicio do exercicio dunha actividade nos seguintes supostos:

1.- Cando a actividade se desenvolvera anteriormente baixo outra titularidade. A estes efectos entenderase que as actividades económicas se exerceran anteriormente baixo outra titularidade nos supostos seguintes

- a) Nas operacións de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.
- b) Na transformación de sociedades.
- c) Cando se produza un cambio na personalidade xurídico-tributaria do titular dunha actividade, se o anterior mantén unha posición de control sobre a nova entidade ou sobre o patrimonio afecto á actividade.
- d) Cando os membros dunha entidade do artigo 33 LXT que vaia continuar co exercicio dunha actividade preexistente sexan, maioritariamente, os mesmos que formaban parte da entidade que viña exercendo dita actividade, o entre estes e aqueles existan vínculos familiares por liña directa ou colateral ata o segundo grao inclusive.

2.- Cando se trate de suxeitos pasivos polo imposto que xa viñeran realizando actividades empresariais suxeitas ó mesmo, nos seguintes casos:

- a) Cando a alta sexa debida a cambios normativos na regulación do imposto.
- b) Cando a alta sexa consecuencia dunha reclasificación da actividade que se viña exercendo.
- c) Cando o alta supoña a ampliación ou redución do obxecto material da actividade que xa se viña realizando.
- d) Cando o alta sexa consecuencia da apertura dun novo local para a realización da actividade pola que se viña tributando.

C. Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas,



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e as entidades do artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros no exercicio anterior.
- En canto ós contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de No Residentes, a exención só alcanzará ós que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros no exercicio anterior.

Ós efectos da aplicación da exención prevista nesta letra, terase en conta as seguintes regras:

1. O importe neto da cifra de negocios comprenderá, segundo o previsto no artigo 191 do Texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas, (aprobado polo Real Decreto Legislativo 1564/1989), correspondentes ás actividades ordinarias da sociedade, deducidas as bonificacións e demais reducións sobre as vendas, asemade como o Imposto sobre o valor engadido e outros impostos directamente relacionados coa mencionada cifra de negocios.
2. O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades o dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda dos no Residentes, o do período impositivo cuxo prazo de presentación de declaracións por ditos tributos rematara o ano anterior ó do devengo deste imposto. No caso das sociedades civís e das entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó de devengo deste imposto. Se dito período impositivo tivera unha duración inferior a do ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.
3. Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas polo mesmo.
4. Malia o anterior, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no senso do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes a dito grupo.

Os efectos do disposto no parágrafo anterior, defínese o grupo de sociedades como o integrado pola sociedade dominante e unha o varias sociedades dominadas. Considérase dominante á sociedade mercantil que sexa socia de outra sociedade, respecto da que

- a) Teña a maioría dos dereitos de voto, directamente ou como resultado de acordos celebrados con outros socios.
- b) Teña a facultade de nomear ou destituír á maioría dos membros do órgano de administración.

Son sociedades dominadas as que se atopan en relación coa dominante en algún dos supostos anteriores, asemade as sucesivamente dominadas por estas.

4.- No suposto dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda dos No Residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dos establecementos permanentes situados no territorio español.

- D. As Entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, de 8 de novembro de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.



- E. Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensinanza en todos os seus graos costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou por Fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensinanza en todos os seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveren en réxime de concerto educativo, incluso se facilitasen os seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado e a pesares que por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres adicados a dita ensinanza, sempre que o importe de dita venta, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
- F. As Asociacións e Fundacións de disminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistenciais e de emprego que, para a ensinanza, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres dedicados os devanditos fines, sempre que o importe de dita venta, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.
- G. A Cruz Vermella española.
- H. Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.
- I. Ó amparo do previsto no artigo 58 da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral, estarán exentas, polas explotacións económicas detalladas no artigo 7 de dita Lei que desenvolvan, en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica, as seguintes entidades sen finalidades lucrativas, sempre que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 desa mesma Lei:
- a) As fundacións.
 - b) As asociacións declaradas de utilidade pública.
 - c) As organizacións no gobernamentais de desenvolvemento as que se refire a Lei 23/1998, de 7 de xullo, de Cooperación Internacional para o desenvolvemento, sempre que teñan algunha das formas xurídicas as que se refiren os parágrafos anteriores.
 - d) As delegacións de fundacións estranxeiras inscritas no Rexistro de Fundacións.
 - e) As federacións deportivas españois, as federacións deportivas territoriais de ámbito autonómico integradas naquelas, O Comité Olímpico Español e o Comité Paralímpico Español.
 - f) As federacións e asociacións das entidades sen fines lucrativos ós que se refiren os parágrafos anteriores.

2. Os suxeitos pasivos ós que se refiren as letras A), D) G) y H) do apartado 1 anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na Matrícula do imposto.



3. Para a aplicación da exención prevista no parágrafo C) do apartado 1 anterior, o Ministro de Facenda establecerá os supostos nos que se esixirá a presentación, ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, dunha comunicación na que se faga constar que se cumpren os requisitos establecidos na letra citada. Dita obriga non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Os suxeitos pasivos que aplicaran a exención prevista no parágrafo B) do apartado 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, o ano seguinte ó posterior do inicio da súa actividade; o contido, o prazo e a forma de presentación de dita comunicación, asemade os supostos nos que presentárase por vía telemática, serán establecidos polo Ministro de Facenda.

4. As exencións previstas nas letras B), E) y F) do apartado 1 deste artigo terán carácter rogado e se concederán, cando proceda, a instancia de parte.

Mailo o anterior, a exención da letra B) unicamente haberán de solicita-la os suxeitos pasivos que non sexan persoas físicas e xa viñeran realizando outras actividades económicas. A estes efectos, considerase que xa viñan realizando outras actividades económicas nos supostos contemplados en dita letra.

Artigo 8. BONIFICACIONES E REDUCCIONES (Art. 89 LRFL modificado art. 28 Lei 51/2002)

1. Ó amparo do que prevé a Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal de Cooperativas, disfrutarán dunha bonificación do 95 por cento da cota as Cooperativas, as súas Unións, Federacións e Confederacións, asemade as Sociedades Agrarias de Transformación.

2. Os que inicien o exercicio de calquera actividade profesional clasificada na sección segunda das tarifas do imposto gozarán dunha bonificación do 50 por cento da cota correspondente durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma Este período caducará una vez transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista na letra B) do apartado 1 do artigo anterior.

3. Ó amparo do que prevé a nota común primeira a división 6ª das tarifas do imposto, cando os locais nesta división que tributen por cota municipal permanezan pechados mais de tres nos que se realicen as actividades clasificadas meses pola realización de obras maiores para as que se requira a obtención de licenza urbanística, a cota correspondente reducirase en proporción ó número de días que permaneza pechado o local.

4. Ó amparo do que prevé a nota común segunda a división 6ª das Tarifas do imposto, cando se leven a cabo obras nas vías públicas, que teñan unha duración superior ós tres meses e afecten ós locais nos que se realicen actividades clasificadas nesta división que tributen por cota municipal, concederase unha redución de ata o 80 por cento da cota correspondente, atendendo ó grado de afectación dos locais por ditas obras.



Artigo 9. PROCEDIMIENTO DE CONCESION DE BENEFICIOS FISCAIS E REDUCCIONS (art. 83 LRFL e 23 Lei 51/2002)

1. As solicitudes para o recoñecemento dos beneficios fiscais regulados nos artigos 7 e 8 desta Ordenanza con carácter rogado se presentarán xunto coa declaración de alta no imposto na Entidade que leva a cabo a xestión censal, acompañadas da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos. O acordo polo cal recoñecese o dereito ó disfrute dun beneficio fiscal fixará o período impositivo dende o cal enténdese concedido.

2. Os beneficios solicitados con posterioridade ó devengo do imposto, referentes a recibos-liquidacións que foron xiradas e non adquiriron firmeza no momento da solicitude, e dicir, antes de que transcorra o prazo que fixa o artigo 14 da Lei 39/88 R.F.L., xorden efecto dende o inicio do período impositivo a que se refire a solicitude, sempre e cando na data do devengo do imposto se cumpran os requisitos esixidos para o disfrute da exención.

3. As reducións reguladas nos apartados 3 e 4 do artigo anterior concederanse polo Concello a solicitude dos contribuíntes afectados. O acordo de concesión fixará o porcentaxe de redución e incluírá, no seu caso, o recoñecemento do dereito á devolución do importe reducido.

Artigo 10. PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO (Art. 90 LRFL)

1.- O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trata de declaracións de alta, en cuxo caso abarcará dende a data de comezo da actividade ata o fin do ano natural.

2.- O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finaliza-lo ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza dito cese. Con tal efecto os suxeitos pasivos poderán solicita-la devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que se exercera a actividade.

A pesar do anterior, nos supostos de fusións, escisións e aportacións de ramas de actividade regulados no Capítulo VIII do Título VIII da Lei 43/1995, de 27 de decembro, do Imposto sobre Sociedades, as declaracións de alta e baixa que teñan que presentar respectivamente as entidades que inicien o cesen no exercicio da actividade producirán efectos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a fusión, escisión ou aportación de rama da actividade de que se trate. En consecuencia, respecto do ano no que teña lugar a operación non procederá devolución ou ingreso algún, derivados do prorrateo das cotas polos trimestres durante os que estas entidades realizaran efectivamente a actividade.

3.- Nas actividades de servizos de espectáculos e de promoción inmobiliaria, a parte da cota correspondente ós espectáculos celebrados e ós metros cadrados de terreo ou edificación vendidos, devéngase cando se celebran os espectáculos e se formalizan as enaxenacións, respectivamente.



XESTIÓN

ARTIGO 11. RÉXIME DE DECLARACIÓN E DE INGRESO (ART. 92 LRFL)

1.- É competencia do Concello a xestión tributaria deste imposto, que comprende as funcións de concesión e denegación de beneficios fiscais, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a información e asistencia ó contribuínte.

2.- Contra os actos de xestión tributaria competencia do Concello, os interesados poden formula-lo recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, establecido no artigo 14 da Lei 39/88, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a:

- a) A data da notificación expresa, no caso de liquidacións de ingreso directo.
- b) A data de finalización do período de exposición pública do correspondente padrón, cando o tributo se exaccione a través de padrón.

3.- A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, excepto que, dentro do prazo previsto para interpoñe-los, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e aporte garantía abondo.

Artigo 12. DECLARACION DE ALTA (art. 91 LRFL, art. 29 Lei 51/2002), art. 5 RD 2343/1995)

1.- Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade estarán obrigados a presentar unha declaración de alta, que incluírá todos os elementos necesarios para a súa inclusión na matrícula do imposto e para a práctica da liquidación correspondente ó período impositivo a que se refire dita alta, cando non sexa de aplicación a exención contida na letra B) do apartado 1 do artigo 7 da presente ordenanza. En particular, en dita declaración se deberá consignar o importe neto da cifra de negocios do último período impositivo do Imposto sobre Sociedades ou do Imposto sobre a Renda dos non Residentes, cuxo prazo de presentación concluirá no ano inmediato anterior ó da data de alta.

2.- A declaración presentarse dentro dos dez días hábiles inmediatamente anteriores ó do inicio da actividade. Cando se presente fora de dito prazo, sen requirimento previo, a liquidación correspondente sufrirá un recargo do 20 por cento, con exclusión das sancións que, noutro caso, poderán esixirse pero non dos intereses de demora. A pesar diso, si a presentación efectúase dentro dos tres, seis ou doce meses seguintes ó remate do prazo voluntario de presentación e ingreso, aplicarase un recargo único do 5, 10 ou 15 por cento, respectivamente, con exclusión do interese de demora e das sancións que, noutro caso, puideran esixirse.

Artigo 13. DECLARACION DE BAIXA (art. 7 RD 243/1995)

1.- As declaracións de baixa por cese na actividade presentaranse no prazo dun mes a contar dende a data na que esta se produciu.



2.- Cando a data declarada como cese sexa anterior ó prazo indicado no punto anterior, esta data deberá ser acreditada polo declarante.

3.- Se o cese prodúcese antes do último trimestre do ano, ó contribuínte poderá solicita-la devolución a que se refire o apartado 2 do artigo 10 de esta Ordenanza.

Artigo 14. BAIXAS DE OFICIO (Art. 17 RD 243/1995)

Aqueles suxeitos pasivos do imposto sobre actividades económicas que sexan declarados falidos polos órganos de Recadación, de conformidade co establecido nos artigos 164 a 167 da LXR, causarán baixa de oficio na matrícula polo grupo o epígrafe correspondente e actividade correspondente á cota que resulte incobrable. A declaración de falido, trala instrución do oportuno expediente, terá que ser comunicada polo servizo de Recadación do Concello á Axencia Tributaria, órgano encargado da xestión censal do imposto.

Artigo 15. DECLARACIONES DE VARIACIONES (Art. 91 LRFL modificado art. 29 Lei 51/2002, art. 6 RD 243/1995)

1.- Cando se modifiquen os datos cos cales figura matriculado, o suxeito pasivo deberá presentar, no prazo dun mes dende que se produza esta modificación, unha declaración de variación, que producirá efectos na matrícula do ano seguinte.

En particular, deberá comunica-las variacións que se produzan no importe neto da súa cifra de negocios, cando tal variación supoña a modificación da aplicación ou non da exención prevista na letra C) do apartado 1 do artigo 7 desta Ordenanza, ou unha modificación no tramo a considerar ós efectos da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 6 desta Ordenanza.

Con carácter xeral, as oscilacións en mais ou menos non superiores ó 20 por cento dos elementos tributarios non alterarán a contía das cotas polas que se veña tributando. Cando as oscilacións fosen superiores ó porcentaxe indicado, terán a consideración de variacións e deberán ser declaradas en forma e prazo fixados no punto anterior.

- a) Cando un calquera dos elementos tidos en conta para o cálculo das cotas experimente unha oscilación superior ós porcentaxes sinalados nos puntos anteriores, a declaración de variación que debe formularse deberá conter a situación de todos os elementos tributarios no momento no que se produciu a oscilación que se declara.
- b) Tamén terán que presentar declaración de variación os suxeitos pasivos matriculados no grupo 833 da Sección primeira das Tarifas, polos metros cadrados de terreos ou edificacións vendidos, e os matriculados nos epígrafes 965.1, 965.2 e 965.5 da mesma Sección, polos espectáculos celebrados, conforme establece na nota común ó grupo e ós epígrafes indicados, respectivamente. Dita declaración, que non producirá efectos na matrícula do ano seguinte, presentarse durante o mes de xaneiro e incluírá o total de metros o espectáculos vendidos ou celebrados o ano anterior, a fin de que o Concello poda practica-la liquidación correspondente á parte variable da cota de ditas actividades.



Artigo 16. DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS (RD 1163/1990)

Para a devolución de ingresos indebidos por erro de feito (artigo 156 LXT), deberá solicitarse polo interesado acompañando a súa solicitude o recibo/liquidación orixinal e facendo constar un número de conta bancaria para poder face-lo ingreso do importe da devolución. Requisito imprescindible é que o titular do recibo/liquidación debe coincidir co nome do titular da conta.

Todo o procedemento suxeitase o disposto no Real Decreto 1163/1990 de 21 de setembro.

Artigo 17. APROBACION DE PADRONS

1.- Os Padróns elaboraranse polo Departamento de Xestión correspondendo á Intervención de Fondos a súa fiscalización e toma de razón.

2.- A aprobación dos Padróns e competencia da Alcaldía.

Artigo 18. EXPOSICION PÚBLICA:

1.- Aprobado o Padrón anunciarase a súa exposición pública e período de cobro mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no periódico de maior difusión da provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Ademais, polos medios que se consideren máis eficaces en cada caso, divulgaráse o calendario do cobro, con obxecto de que sexa coñecido pola xeneralidade dos interesados.

2.- O Padrón do IAE, exporase ó público nas oficinas municipais quince días antes de iniciarse os preceptivos períodos de cobro e por espazo dun mes.

3.- Contra a exposición pública do padrón, e dos recibos/liquidacións que nel figuran, poderase interpoñer recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de remate da exposición pública do padrón.



RECADACIÓN

Artigo 19. REXIME DE INGRESO (art. 20 e 100 do RXR)

A Recadación deste imposto realizarase de acordo cos seguintes puntos:

- 1.- As obrigacións de vencemento periódico, cando o imposto se exaccione por Padrón, esixiranse no período que acorde o Alcalde ou a Comisión de Goberno.
- 2.- As liquidacións de ingreso directo deberán ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación que son:
 - a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 de mes natural seguinte.
 - b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

As modificacións producidas por Lei de Presupostos Xerais do Estado u outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICION FINAL

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada en Marín a 12 de novembro de 2.004 empezará a rexer o día 1 de xaneiro de 2.005 y continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación da mesma. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.

Esta ordenanza foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 250 de data 30 de decembro de 2004